



DECRETO/2012, do.....de maio, polo que se transforma o centro público integrado Celso Emilio Ferreiro de Vigo, e se trasladan ensinanzas.

A planificación educativa da cidade de Vigo aconsella a transformación do centro público integrado Celso Emilio Ferreiro nun centro de educación infantil e primaria, trasladando ao alumnado da educación secundaria obrigatoria ao Instituto de Educación Secundaria Álvaro Cunqueiro. Asemade, o reducido número de alumnos que cursan o bacharelato no Instituto de Educación Secundaria O Mosteirón, aconsellan o seu traslado ao Instituto de Educación Secundaria Isaac Díaz Pardo, de Sada.

Na súa virtude, por proposta da conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu presidente, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do díade dous mil doce,

DISPÓN:

Artigo 1. Transformación de centro público integrado en centro de educación infantil e primaria.

Transfórmase o Centro Público Integrado Celso Emilio Ferreiro de Vigo no Centro Público de Educación Infantil e Primaria Celso Emilio Ferreiro de Vigo.

Artigo 2. Cambio de ensinanzas.

2.1. As ensinanzas de educación secundaria obrigatoria do centro público integrado Celso Emilio Ferreiro de Vigo trasládanse ao Instituto de Educación Secundaria Álvaro Cunqueiro, de Vigo.

2.2. As ensinanzas de bacharelato do Instituto de Educación Secundaria O Mosteirón de Sada trasládanse ao Instituto de Educación Secundaria Isaac Díaz Pardo de Sada.

Artigo 3.- Profesorado titular de especialidades que imparten as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria determinará as necesidades de profesorado nos centros receptores das ensinanzas, tanto se son previas como se as orixina o propio traslado de ensinanzas.



2. Para determinar o persoal funcionario docente que, se é o caso, se adscribirá con carácter definitivo no centro receptor de ensinanzas aplicaranse os criterios de prioridade establecidos no Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda de destino definitivo polas funcionarios e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a el.

3. O persoal funcionario docente do Centro Público Integrado Celso Emilio Ferreiro de Vigo que non poida quedar adscrito definitivamente deberá optar por quedar suprimido ou con destino definitivo no centro receptor de ensinanzas. Neste último suposto, este persoal funcionario docente quedará desprazado por falta de horario e deberá participar obrigatoriamente na adxudicación provisional de destinos e nos concursos de traslados ata a obtención dun novo destino definitivo.

Disposición adicional. Cambio íntegro das ensinanzas.

O cambio de ensinanzas previsto neste decreto realizarase integramente no curso académico 2012-2013.

Disposición derradeira primeira. Habilitación.

Habilitase a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que procedan no desenvolvemento e execución deste decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,de dous mil doce.